

INSTITUCIONAL

A Comisión Executiva do Consorcio de Santiago aproba a nova tempada da Real Filharmonía de Galicia

A Comisión Executiva do Consorcio de Santiago, presidida pola súa presidenta e alcaldesa da cidade Gorette Sanmartín, reuniuse o pasado 8 de maio para aprobar os próximos proxectos do organismo. Na xuntanza, fíxose un repaso polo estado das diferentes convocatorias de axudas e os distintos proxectos que está a desenvolver o órgano interadministrativo. Aprobáronse asuntos ordinarios e avanzouse na tramitación das inversións que se realizarán no interior do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, ademais da pasarela que unirá as dúas alas no conxunto de San Domingos de Bonaval. Deuse conta tamén da tramitación da exposición "Legado Ángel: Arte e oficio en Compostela", unha vez recibida a financiación da Xunta de Galicia e executada en coordinación co Concello de Santiago. No relativo á Filharmonía de Galicia, foi aprobada a súa programación para este verán xunto coa próxima temporada 2024-2025, que será presentada o vindeiro mes de xuño. Aprobáronse tamén as bases que permitirán a elaboración de novas bolsas de substitución de diferentes especialidades musicais na RFG.

Juan Ángel Esteban Paul, Inspector Xeral do Ministerio de Facenda, Anxo Manuel Lorenzo Suárez, Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, José Manuel González García, Vicesecretario do Concello e Secretario do Consorcio, Juan Ramón González Carnero, Interventor do Consorcio e do Concello de Santiago e a xerente do Consorcio, Belén Hernández Lafuente, participaron como vocais na reunión, xunto aos vocais da corporación municipal.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/lewas/o-consorcio-de-santiago-rumiou-a-comision-executiva-8>



PUBLICACIÓNS



O Consorcio de Santiago e Andavira Editora poñen o foco na programación musical dos séculos XIX e XX no Teatro Principal

O libro "Ópera y Zarzuela en Santiago de Compostela. Las temporadas líricas del Teatro Principal (1840-1914)" foi presentado o pasado día 14 de maio no Teatro Principal. A obra, escrita pola doutora M^a del Carmen Lorenzo Vizcaino e coeditada polo Consorcio de Santiago con Andavira Editora, describe a evolución da demanda cultural da cidade de Santiago de Compostela a través dos diferentes espectáculos que se programaban no Teatro Principal a finais do século XIX e principios do século XX.

Na presentación estiveron acompañando a autora Belén Hernández Lafuente, xerente do Consorcio, Lucila Ventoso, responsable da editorial Andavira, Juan Conde Roa, responsable de publicacións do Consorcio e Carlos Villanueva Abelairas, musicólogo experto en música medieval.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/lewas/o-consorcio-de-santiago-e-andavira-editora-presentan-un-libro-que-recolle-opera-e-zarzuela>



"Andei por Santiago, pisando estrelas", a homenaxe do Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións a Luísa Villalta

O Museo do Pobo Galego acolleu o pasado 28 de maio a presentación do libro "Andei por Santiago, pisando estrelas", no marco do Día das Letras Galegas 2024. A publicación, coeditada polo Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións, consiste nunha mestura entre os versos dun poema de Luísa Villalta, autora homenaxeada este ano, e unha selección de fotografías da cidade de Santiago de Compostela. O título do poema é o que dá nome a esta publicación, na que se mostra a capital galega a través da evocadora poesía da escritora, que fixo os seus estudos na cidade e formou parte da súa rica vida cultural.

No acto participaron Gorette Sanmartín Rei, alcaldesa do Concello de Santiago e presidenta do Consorcio de Santiago, Susana Villalta Gómez, irmá da autora homenaxeada, José Luis Teófilo, director e editor en Teófilo Edicións, Concha Losada Vázquez, presidenta do padroado de Museo do Pobo Galego e Belén Hernández Lafuente, xerente do Consorcio de Santiago.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/lewas/o-consorcio-de-santiago-e-teofilo-editions-coeditan-andei-por-santiago-pisando-estrelas-de>

MÚSICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Máis info na programación da RFG:
<https://www.rfgalicia.org/les/programacion/>

Remata o ciclo (EN)FOCO da Real Filharmonía de Galicia

Os días 23 e 24 de maio tivo lugar, en Vigo e Santiago respectivamente, o último espectáculo do ciclo (EN)FOCO da Real Filharmonía de Galicia. Dirixido por o director asistente da RFG Sebastian Zinca baixo o título "Herzanza Africana", o programa consistiu en tres composicións contemporáneas creadas por mulleres: "Tuxedo: Vasco de Gama" de Hanna Kendall, "Sinfonía núm. 1" de Florence Price e "River Rouge Transfigurations" de Missy Mazzoli.

O concerto, o cal abriuse coa estrea en España de "Tuxedo: Vasco de Gama", tivo como obxectivo reivindicar as obras destas mulleres e a súa loita polo fin da discriminación sexista e racial no eido da composición orquestral.



Fin da viaxe, o último concerto da Real Filharmonía de Galicia para despedir a temporada 2023-2024

A Real Filharmonía de Galicia rematou a temporada "Migracións", a primeira co director Baldur Brönnimann fronte a orquestra. O espectáculo, que tivo lugar os días 30 e 31 de maio en Santiago e Ferrol respectivamente, mesturou diferentes estilos coas obras "Atlas Eclipticalis" de John Cage, "Concerto para violín" de Erick W. Korngold e "Sinfonía en tres movementos" de Igor Stravinski.

"Fin da viaxe", o título deste derradeiro concerto, contou coa participación da violinista Rosanne Philippens, quen aportou un enfoque único as obras. Ademais, para celebrar o fin da temporada, os asistentes tiveron a oportunidade de gozar dun viño cortesía de Galicia Calidade.



A Real Filharmonía de Galicia ofrece un concerto de balde para coñecer as liñas programáticas da próxima temporada

O xoves 13 de xuño terá lugar ás 20:30h no Auditorio de Galicia un concerto especial da Real Filharmonía de Galicia. O espectáculo, que será de balde, presentará a cidadanía as características xerais da temporada 2024-2025, e os asistentes terán a oportunidade de dialogar co director da orquestra Baldur Brönnimann sobre algunhas das obras, compositores u intérpretes que marcarán os futuros espectáculos. Ao rematar o concerto, o público poderá desgustar un viño da man de Galicia Calidade.

Os interesados en asistir poderán retirar os convites dende o día 4 de xuño na web de Compostela Cultura, no despacho de billetes da Zona C - Punto de Información Cultural (na praza de Cervantes) ou no Auditorio de Galicia o mesmo día do espectáculo. As persoas aboadas a temporada 2023-2024 poderán acceder directamente ao recinto mediante a presentación da súa tarxeta de abono.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/g/o-real-filharmonia-de-galicia-cidadania-a-cidadania-a-descubrir-as-lineas-da-sua-temporada/>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



Os alumnos do Curso de Corda para Nenos da EAEM celebraron un concerto de fin de curso

O 25 de maio os nenos e nenas do Curso de Corda para Nenos ofreceron un concerto no auditorio da Escola de Altos Estudos Musicais, no que tiveron a oportunidade de demostrar todo o que aprenderon durante o curso. Baixo a dirección da profesora Nazaret Canosa, os estudantes realizaron unha actuación individual seguida dun concerto en común, no cal interpretáronse obras de diferentes autores.

Máis información:

<https://eaem.es/g/noticias/o-almunado-do-curso-de-corda-para-nenos-ofreceu-una-serie-de-concertos-a-eaem/>



Iñaki Martín impartiu dúas clases maxistras de percusión na EAEM

O recoñecido intérprete Iñaki Martín impartiu dúas clases maxistras de percusión os días 22 e 23 de maio na Escola de Altos Estudos Musicais. O alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral e estudantes de música de diferentes niveis tiveron a oportunidade de asistir a estas formacións, nas que a maiores recibiron orientación e recomendacións de parte do profesor.

Galería imaxes:

<https://eaem.es/g/noticias/ikaki-martin-ofreceu-as-ultimas-clases-maxistras-de-percusion-na-eaem/>